



UN TESOURO ENTRE PICOS:

O noso Concello está situado no sueste da provincia de Ourense, nas fronteirizas comarcas de Verín e Conso Frieiras, nunha zona de montaña de superficies onduladas e enmarcada por pequenas e preciosas depresións fluviais.

Abundan os bosques caducifolios de freixos, carballos, bidueiros, e sobre todo soutos de castiñeiros que forman un importante atractivo para o municipio, no outono fan deste recuncho da xeografía galega un espectáculo de cores digno de ver.

Dispomos dunha gran riqueza en patrimonio natural e asemade cultural.

Malia que a súa extensión de terreo é bastante grande, contamos cunha poboación moi pequena pero chea de grandes persoas.

Co nome deste proxecto “un tesouro entre picos” inspirámonos na castaña dentro do ourizo, un produto típico moi coñecido e valorado na nosa zona, o mesmo tempo tamén fai referencia a situación xeográfica do noso entorno, o cal se encontra rodeado entre os pequenos picos das montañas.

Queremos facer chegar a todas as partes de Galiza a fermosura da nosa terra, os nosos recursos máis importantes e mostrar como aínda sendo un pequeno Concello con menos de 1500 habitantes temos todo o necesario para poder vivir dunha forma saudábel e con todos os servizos ao carón da casa; sen facer longas colas, sen présas, sen estrés... un lugar para querer perderse e do que non querer volver endexamais!

Para poder amosar a nosa riqueza, os nosos cativos e cativas van ensinarnos todo o valor e a beleza desta terra dunha maneira que só eles saben facer: coa súa simpatía, sinceridade, enerxía e o cariño que expresan por todo o noso. Pensamos que o noso proxecto audiovisual, que se basea na elaboración dunha curtametraxe constrúe un proxecto educativo de aprendizaxe cooperativa (onde tódolos membros da comunidade teñen o seu rol) que procura aumentar de maneira notable a motivación por aprender do alumnado e a cohesión da comunidade educativa da nosa ANPA e do noso centro onde ademais, se pon en valor a riqueza do noso patrimonio tanto material como inmaterial. A diversidade no noso centro é unha realidade que tamén pon de manifesto o que nos impulsa a ser: empáticos, solidarios, divertidos, tolerantes e a expresar tanta riqueza temos.

A curtametraxe “Un tesouro entre picos” xurde da necesidade e o interese que se detecta entre alumnado por poder interactuar, gozar e participar activamente na contorna natural que rodea ao Concello de Riós. Esta necesidade e interese coincide cunhas familias e uns mestres/as motivados e entusiasmados tamén coa mesma idea. A curta tenta amosar a grande riqueza de posibilidades que nos rodea (riqueza humana e riqueza territorial), ademais que nos permitiu ilusionarnos dende o comezo coa idea de poder deixar pegada do que é o noso Concello.



No noso proxecto participaron tanto os nenos e nenas pertencentes a ANPA como os seus proxenitores e a dirección do centro, estes mantivéronse detrás das cámaras. Tentamos reflexar nuns poucos minutos algúns, dos tantos privilexios, que só se poden desfrutar no rural.

Nesta curtametraxe mostramos (o afortunados que somos) a exclusividade de poder xogar libremente, saír á rúa sen medo, desfrutando dos paisaxes, do aire puro e dos recursos naturais dos que dispomos. Amosamos asemade o contacto que teñen os nosos cativos e cativas cos animais e o cariño que desprenden por eles. Podemos ver como xogan todos xuntos, sen diferenciacións de idades, porque son como unha gran familia, os maiores coidan dos máis pequenos como si fosen seus irmáns. Isto é unha pequena mostra de todos os valores que se lle inculcan dende sempre tanto no centro escolar como na casa.

Todos nos coñecemos, todos nos axudamos, porque todos formamos parte de este pequeno paraíso.

Unha das grandes vantaxes de vivir no Concello de Riós é a forte cohesión comunitaria. É marabilloso ver como todo o mundo se coñece e se axuda mutuamente. Esta sensación de pertenza crea un ambiente seguro e acolledor no só para os nosos nenos e nenas senón tamén para tódolos veciños e veciñas. Os pícaros/as gozan dunha infancia máis libre e sen moitas das preocupacións típicas das grandes cidades. A contorna que os rodea permítelles explorar, divertirse e xogar practicamente sen restricións. Ademais, e aínda que non puidemos amosalo na curta, tamén temos unha gran variedade de actividades, como as festas das distintas aldeas ou outros acontecementos culturais que permiten aos nenos/as aprender sobre as súas raíces e gozar da riqueza da súa herdanza.

Para concluír, e tal e como afirmou a física e filósofa Vandana Shiva “o único xeito que temos de cultivar felicidade é facéndoo en comunidade”.

Isto é o que tentamos amosar no “Tesouro entre picos”, que aquí no Riós, somos felicísimos, e aprendemos da vida e preparámonos para ela, nunha contorna extraordinaria e cunha comunidade humana de infinita calidade.